

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO

Expte: 4072/2024

Expte relacionado: 383/2024

Asunto: Contratación mixta da subministración e instalación denominada "Mellora de infraestruturas no parque empresarial de Espiñeira: instalación de sistemas de seguridade e vixilancia ao abeiro da orde do 4 de xaneiro de 2024 (DOGA núm. 14 do 19.01.2024"

De conformidade co disposto nos artigos 28 e 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 e, en canto non se opoñan á anterior, no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro (en diante RGLCAP), así como na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no relativo ao acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, elabórase a correspondente memoria xustificativa da necesidade do contrato do asunto.

ANTECEDENTES

1.No DOG núm 14 do 19.01.2024 publícase a ORDE do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (código do procedemento IN519B)

2. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexirán a concesión de subvencións da Consellería de Economía, Industria e Innovación, dirixidas a concellos, incluídas no programa de axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Mediante Resolución da alcaldía número 2024-0182 do 14.02.2024 aprobouse o proxecto denominado "MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE ESPIÑEIRA: INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA" cun presuposto total de contrata de **62.171,31 €** e solicitouse a subvención para a execución do proxecto.

4. O 27.05.2024 (núm de rexistro de entrada 6856) a Consellería de Economía e Industria notifica a este Concello a concesión da subvención polo seguinte importe:

Investimento subvencionable	Subvención concedida	% concedido
57.619,56€	46.095,65€	80%

5. Figura no expediente 383/2024 o proxecto de mellora de infraestruturas no parque empresarial de Espiñeira: INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA



asinado o 06.02.2024 modificada con data 25.03.2024 polo enxeñeiro técnico industrial Roberto Ozores Nine para adaptar a memoria ao disposto na Resolución de concesión da subvención do 27.05.2024 (registro de entrada 6856).

6.-Figura no expediente documento de retención de crédito asinado o 28.08.2024 pola intervención Municipal.

7.-Figura no expediente informe de licitación emitido polo arquitecto municipal o 23.08.2024

8.-Segundo a orde reguladora da subvención o prazo de xustificación remata o **31.10.2024**. A alcaldía solicitou prórroga do prazo de xustificación con data 22.08.2024

8. Figura no expediente de licitación:

- ✓ Proxecto técnico definitivo refundido da subministración asinado polo enxeñeiro técnico industrial, Roberto Carlos Ozores Nine (núm colexiado 2084) asinado o 28.08.2024, incorpora a modificación realizada con data 25.03.2024
- ✓ Providencia da alcaldía trámites previos á licitación pola que se dispón a emisión de informe técnico para a licitación asinado o 22.08.2024
- ✓ Documento de retención de crédito por importe de **54.635,28€** (Ive engadido) para a licitación da obra asinado pola intervención municipal o 28.08.2024
- ✓ Informe técnico para a licitación emitido polo arquitecto municipal o 23.08.2024

1.-COMPETENCIA, OBJETO DO CONTRATO E NECESIDADE DE EXECUCIÓN DA OBRA :

Este contrato licítase ao amparo do artigo 5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que establece para “para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, as entidades locais, de acordo coa Constitución e as leis, terán plena capacidade xurídica para adquirir, poseer, reivindicar, gravar ou enaxenar toda clase de bens, celebrar contratos, establecer e explotar obras e servizos públicos, obrigarse, interpor os recursos establecidos e exercitar as accións previstas nas Leis”

Ao abeiro do artigo 25.2.a) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración de Galicia, os concellos asumen competencias en materia de urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística; protección e xestión do Patrimonio histórico; conservación e rehabilitación da edificación; protección da salubridade pública; seguridade nos lugares públicos; conservación de camiños e vías rurais; protección do medio ambiente; alumeadado público, tráfico, promoción das instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer, así como as culturais, etc.

Segundo o proxecto definitivo refundido da execución da subministración asinado o 28.08.2024, que incorpora a modificación do 25.03.2024, polo enxeñeiro técnico industrial Roberto Carlos Ozores Nine.(núm colexiado 2084) é **obxecto** deste contrato:

.../...

O presente proxecto desenrola a documentación necesaria de acordo coas bases reguladoras e a convocatoria de subvencións en réxime concorrencia competitiva das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 14, do luns 19 de xaneiro de 2024).

Na actualidade, o parque empresarial dispón de alumbrado público para a iluminación de viais con luminarias de vapor de sodio, este tipo de lámpadas teñen un alto consumo enerxético o que deriva nun maior consumo de electricidade e polo tanto, un maior gasto para o Concello.



A actuación consiste na instalación dun sistema de seguridade e vixilancia que abarque a todas as empresas situadas no polígono industrial de Espiñeira. **ACTUACIÓNS:**

- *Desmontaxe das cámaras de seguridade existentes que se atopan inservibles ou deterioradas.*

- *Instalación de cámaras de seguridade de nova instalación dispostas segundo plano.*

.../...

De acordo co artigo **18 da LCSP** estamos ante un contrato mixto de subministración e instalación das cámaras de seguridade polo que no caso de contratos mixtos compostos en parte por servizos e en parte por subministracións o obxecto principal determinarase en función de cal sexa o maior dos valores estimados dos respectivos servizos e subministracións. Neste caso é a subministración a que ten un maior valor estimado sendo polo tanto o seu obxecto principal.

Asemade de acordo co artigo **34.2 da LCSP** só poderán fusionarse prestacións correspondentes a diferentes contratos nun contrato mixto cando esas prestacións se atopen directamente vinculadas entre sí e manteñan relacións de complementariedade que exixan a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional dirixida á satisfacción dunha determinada necesidade ou á consecución dun fin institucional propio da entidade contratante.

Por todo o anterior, é **contrato administrativo de subministración** de acordo co artigo **16 da LCSP:**

“1. Son contratos de subministración os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

2. Sen prexuízo do disposto na letra b) do apartado 3 deste artigo respecto dos contratos que teñan por obxecto programas de computador, non terán a consideración de contrato de subministración os contratos relativos a propiedades incorporeais ou valores negociables.

3. En todo caso, consideraranse contratos de subministración os seguintes:

a) Aqueles en os que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total defínase con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

b) Os que teñan por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, e a cesión do dereito de uso destes últimos, en calquera das súas modalidades de posta ao dispor, fóra dos contratos de adquisición de programas de computador desenvolvidos a medida, que se considerarán contratos de servizos.

c) Os de fabricación, polos que a cousa ou cousas que haxan de ser entregadas polo empresario deban ser elaboradas conforme características peculiares fixadas previamente pola entidade contratante, aínda cando esta obríguese a achegar, total ou parcialmente, os materiais precisos.

d) Os que teñan por obxecto a adquisición de enerxía primaria ou enerxía transformada.”

En concordancia co artigo **25.1 da LCSP**, que establece que *“Terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que se celebren por unha Administración Pública: a) Os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos (...) 2. Os contratos administrativos rexiranse, en canto a súa*



preparación, adjudicación, efectos, modificación e extinción por esta Lei e as súas disposicións de desenvolvemento;supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado (...)

2.-CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO:

As establecidas no proxecto técnico refundido da execución da subministración asinado o 28.08.2024, que incorpora a modificación do 25.03.2024, polo enxeñeiro técnico industrial Roberto Carlos Ozores Nine (núm colexiado 2084) que ten a consideración de prego de prescricións técnicas para esta licitación.

3.-XUSTIFICACIÓN DO TIPO DE PROCEDIMENTO

De conformidade co artigo 131.2 da Lei de Contratos do Sector Público, a adjudicación realizarase, utilizando unha pluralidade de criterios de adjudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo, e utilizando o **procedemento aberto simplificado** previsto no artigo 159 da citada norma por concorrer o suposto previsto na letra a) do apartado 1º do precepto de referencia e toda vez que a simplificación dos trámites permite a tramitación máis sinxela e áxil do procedemento de contratación compatible coa concorrencia esixible en aras de garantir a mellor oferta do mercado para a execución da subministración xunto co cumprimento dos principios que deben informar a contratación no sector público.

Nos procedementos abertos todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato coas persoas licitadoras.

4.- DURACIÓN DO CONTRATO

De acordo co disposto no proxecto técnico o prazo máximo para a execución é de **UN (1) MES.**

5.-VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO DE LICITACIÓN, FINANCIAMENTO E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O valor estimado do contrato do contrato de obras segundo o proxecto técnico é de **45.153,12 €** (Ive excluído)

O IVE correspondente ascende a **9.482,16 €**, sendo o orzamento de execución por contrata de **54.635,28 € (Ive engadido)**

A actuación está cofinanciada pola subvención concedida pola consellería de Economía, Industria e Innovación orde de 4 de xaneiro de 2024 (DOGA núm 14 do 19.01.2024) co seguinte detalle:

Investimento subvencionable	Subvención concedida	% concedido
74.780,17	59.824,14	80%

O resto do importe **14.956,03 €** será financiado polo Concello.



O importe da adxudicación abonarase con cargo ao orzamento do Concello, existindo crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria **433/63301**

Código do Proxecto: **2024/2/POLIG/2**

6.-NON DIVISIÓN EN LOTES

De acordo co proxecto técnico refundido asinado o 28.08.2024 polo enxeñeiro técnico industrial Roberto Ozores Nine:

“01.11.- XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN POR LOTES

“De acordo o artigo 99 da LCSP consideranse motivos para a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes: a) El hecho de que la división en lotes del objeto del contrato conllevase el riesgo de restringir injustificadamente la competencia. A los efectos de aplicar este criterio, el órgano de contratación deberá solicitar informe previo a la autoridad de defensa de la competencia correspondiente para que se pronuncie sobre la apreciación de dicha circunstancia. b) El hecho de que, la realización independiente de las diversas prestaciones comprendidas en el objeto del contrato dificultara la correcta ejecución del mismo desde el punto de vista técnico; o bien que el riesgo para la correcta ejecución del contrato proceda de la naturaleza del objeto del mismo, al implicar la necesidad de coordinar la ejecución de las diferentes prestaciones, cuestión que podría verse imposibilitada por su división en lotes y ejecución por una pluralidad de contratistas diferentes. Ambos extremos deberán ser, en su caso, justificados debidamente en el expediente. Neste caso, as principais partidas da obra, deben de ser feitos por unha única empresa para garantir a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, e coordinar axeitadamente os traballos. Polo anteriormente exposto, NON se considera oportuna a división por lotes.”

7.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Criterios cuantificables mediante fórmulas e de forma automática:

1.-Factor prezo: Máximo 90 puntos de acordo coa seguinte fórmula:

90x oferta máis económica/oferta a valorar: puntuación da oferta.

As ofertas económicas que presenten os licitadores non poderán superar en ningún caso o importe sinalado como orzamento base de licitación. Este prezo poderá ser mellorado á baixa polos licitadores.

3. Redución do prazo de entrega da subministración: Máximo 10 puntos.

Por cada día de redución do prazo de entrega respecto do indicado nos pregos outorgaranse 1 punto, cun máximo de 10 puntos.

O total máximo de redución do prazo de entrega sería de dez días.



Non se valorarán fraccións inferiores a un día.

A proposición que non oferte ningunha redución no prazo de entrega obterá 0 puntos neste criterio.

Total puntuación máxima posible na licitación: **100 PUNTOS.**

Por todo o exposto propónse a tramitación do expediente de contratación necesario para a execución do investimento ao que se fai mención.

Boiro, na data que figura na marxe

O concelleiro de Servizos e Obras

Documento asinado electronicamente

